

CASA NOVA

INTERIORISMO | DECORACIÓN | XARDÍN | CASAS | REHABILITACIÓN

Ano 2008 • Número 6 • Prezo 3,5€

06



9 771887 286009

VIVENDAS SPA

HABITAR NO BENESTAR

FUSIÓN COA

NATUREZA

CASA PONTEVEDRA

RENACER COA

PAISAXE

CASA LUGO

CONFORT

A CEO ABERTO

Art Deco:

RETORNO AOS

FELICES ANOS VINTE

VIVIR NA ALDEA:

MOBLES CON CONCIENCIA ECOLÓXICA

VIDRO: AS CORES DA LUZ

CANASTROS: TRAZOS DE IDENTIDADE

Art Decó

Retorno aos felices anos 20

Texto: Sabela Castro • Fotos Nacho Gómez

Case un século despois do seu nacemento como corrente artística que afectou á arquitectura, ao deseño interior e mesmo á moda e ao cine, a Art Decó volve deseñar as nosas vivendas cunhas pezas recuperadas do tempo de entreguerras



Aparador-moble bar francés de palma de nogal, sicomoro e coiro con tiradores de latón. O mobiliario Art Decó caracterízase polas contrastes cromáticas. Os mobles bar ou os aparellos de radio protagonistas das reunións sociais localízanse en espazos abertos e diáfanos, afastándose cada vez máis dos cuartos ateigados do século XIX.

Cartel publicitario da fábrica italiana de maquillaxe Ciprie Bertelli. Firmado por Maga está datado en xuño de 1924. A bailarina que sae da polveira representa unha das facetas máis características da era Decó: a diversión e as relacións sociais en clubs e coctelerías. O moble bar xiratorio francés responde tamén as novas necesidades e costumes da burguesía de entreguerras.





Máquina da sorte francesa en perfecto funcionamento.

Vestido dos felices anos 20 con refinada pedraria confeccionado de forma artesanal. Foi restaurado co máximo rigor e respecto á obra orixinal.



A Art Decó é o estilo da era da máquina, da industrialización e do progreso. Pero tamén da depresión económica, da austeridade imposta pola fin da primeira Guerra Mundial e da fuxida ante a incertidume dun segundo conflito internacional. Foi un movemento de deseño popular que expresou o anhelos de felicidade, a elegancia e a opulencia dunha burguesía que se resistiu a afrontar a crise provocada pola pantasma bélica e que pola contra escolleu seguir vivindo a súa "Belle Époque".



Armario francés dos anos 20 de estilo Ruhlmann. Fabricado con raíz de chopo con bocachave de latón prateado e marfil. A Decó fixo propios os contrastes de madeira e metal con fins puramente decorativos.

Influído polas descubertas arqueolóxicas en Exipto, a arte tribal africana, a arquitectura azteca e maia, e mais a escultura clásica, a Art Decó fixo tamén unha escolma dos estilos temperáns do século XX e das primeiras vangardas e co cóctel resultante creou non só unha nova corrente artística, senón unha forma de vida nos anos 20 e 30 do século pasado.



Piano alemán dos anos 30 fabricado con raíz de nogueira cor mel. A chapa está feita de baquelita transparente da que máis tarde derivou o plástico. A peza destaca pola súa sobriedade e elegancia.

E mentres gran parte da sociedade sufría a depresión económica consecuencia da Gran Guerra, a nova burguesía miraba cara a outro lado enfatizando a diferenza de clases a través desta nova estética de luxo e elegancia. As pezas de decoración de interiores e o mobiliario teñen excelentes exemplos desta época de desbordante creatividade.

Butaca americana de 1930. Feita con madeira de nogueira combinada con aceiro nos repousa brazos. Conserva os resortes orixinais e segue sendo igual de comfortable. O tapizado é novo.



Os deseños, moitas veces exóticos, romperon coa decoración sinuosa e recargada da Art Nouveau sublimando a liña recta e os zigzags en composicións xeométricas, simétricas e angulares. As influencias do construtivismo, o cubismo e mesmo do futurismo combinadas co maquinismo exaltaron as formas cúbicas e aerodinámicas e impuxeron as liñas duras, sólidas e monumentais fronte á delicadeza curviliña e serpeante do Nouveau.

Moble bar francés de palosanto e madeira ebanizada combinada con aceiro. O interior é de sicomoro. Estas pezas foron bautizadas na época como "móbles da luz" pola claridade interior que contrasta coa opacidade exterior. A elaboración dos interiores é sempre moi coidadosa.



A Art Decó acadou o seu máximo esplendor en 1925 con motivo da Exposición Internacional das Artes Decorativas de París e deixou a súa pegada en todas as artes plásticas e decorativas pero tamén na arquitectura. En 1927, Fritz Lang perpetuou no filme "Metrópolis" a imaxe global do que foi no tempo esta forma de expresión.

Pantera inglesa de terracota patinada integrada no mármore natural. A panteira que neste caso semella estar esculpida en bronce é unha das figuras máis empregadas na decoración da época Decó na que destacan os motivos animais que fan referencia á velocidade: galgos, panteras ou gacelas.



Decó en Galicia

Setenta anos despois de que o estalido da II Guerra Mundial puxera fin a esta explosión artística e espiritual, A Art Decó volve ter cabida na decoración de interiores das novas vivendas europeas. E como aconteceu daquela, o seu fin segue sendo hoxe máis decorativo que funcional, coa vantaxe de ofrecer pezas de moi doada integración no interiorismo actual.

Lámpada globo de mesa de procedencia arxentina. Escultura de tipo crisoelefantina de marfil e metal. A lámpada é de alabastro.



En Galicia está un dos centros de arte adicado en exclusiva a esta corrente de vangarda máis importantes de España e con mercado en todo o noroeste peninsular. Chámase Isadora e está na rúa Alfredo Vicenti da Coruña onde toda a planta baixa está adicada a Art Decó en exclusiva. Ana Gándara e Jaime Trigo expoñen e venden nesta céntrica galería todo tipo de pezas de decoración interior de entreguerras e mesmo complementos de coleccionista no seu recuncho "vintage".



Mesa de comedor francesa dos anos 30 con seis cadeiras americanas de respaldo envolvente moi típico da Art Decó. A mesa está fabricada con madeira de nogueira cor mel e as cadeiras son de pao satín.

Froito de constantes viaxes a Francia, Inglaterra, Centroeuropa e mesmo a Estados Unidos, así como dunha exquisita rede de contactos por todo o mundo, Isadora presenta a clientes de todo o país e interesados pezas extraídas daquela época refinadamente recuperadas para unha segunda vida polo restaurador David M. Henson. O seu amplo catálogo pode consultarse na páxina web www.jaimetrigo.com a través da cal tamén ultiman vendas de mobles e complementos.



Tocado americano dos anos 30. A moda vive a súa propia revolución nesta época e cambia os deseños. A muller Decó usa corsés e ombreiras, veste con teas lixeiras e vestidos curtos que amosan as pernas. É unha muller dinámica e flexible que fuma, bebe e fai vida social coma os homes nun momento no que xa se empeza a falar da súa emancipación.





Jaime Trigo e Ana Gándara
no centro de arte Isadora da Coruña.

O mobiliario Decó caracterízase polas rechamantes combinacións cromáticas con lacados e madeiras exóticas e tamén pola aparición de novos materiais para a ebanistería como a baquelita, o espello, o marfil auténtico ou de imitación e os metais usados para ribetes, molduras e ferraxes. A liña e o cromatismo de cada moble acentúanse cun remate de pulimento perfecto e as superficies resultantes son suaves e brillantes pero sobre todo elegantes e rotundas. Ana Gándara asegura que cada vez son máis as persoas que acoden a este centro ou contactan con eles a través da páxina web para interesarse polo catálogo de pezas.